



PLAN DIGITAL

CRA Nosa Sra do Faro
Escola de Barizo

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1 Datos básicos do centro

- Nome: CRA Nosa Sra do Faro (Escola de Barizo)
- Dirección: O Campelo S/N .Barizo.15113. Malpica de Bergantiños.
- mail: cra.senhora.faro@edu.xunta.gal
- Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/crasenhorafaro/>
- Etapas educativas: Educación Infantil 4º-5º e 6º e Educación Primaria 1º e 2º
- Número de alumnado: 6
- Profesorado: 8 titoras, 1 especialistas de Lingua Inglesa, 1 especialista de educación Musical, 1 especialista de educación Física, 1 especialista de educación relixiosa, 2 apoios, 1 especialista de Audición e Linguaxe, 1 Orientadora compartida co CEIP Eduardo Pondal de Ponteceso e unha coidadora (persoal laboral) para un caso de necesidades graves.

1.2 Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.

Centro está situado na Costa da Morte e conta con escolas en 3 concellos: Ponteceso, Malpica e Cabana de Bergantiños. O centro ten 8 edificios para as escolas, un para a Sede en Ponteceso e un na Campara para actividades especiais como centro de reunión que levaremos a cabo o vindeiro curso.

Concretamente esta escola está localizada en Barizo, e pertence ao Concello de Malpica de Bergantiños. A súa inclusión no Cra Nosa Sra do Faro tivo lugar en Setembro 2011 ao pechar o anterior Cra ao que pertencía (Pedra da Arca). A escola foi arranxada por dentro polo Concello de Malpica no verán do 2011. Conta con unha soa aula. A vivenda de arriba ten moitas deficiencias.

O centro leva traballando en TIC dende o ano 2000, e nel hai PDI dende 2001, a primeira a nivel nacional mercada en Madrid en SIMO.

O CRA constituíuse no ano 1989, pola decisión dun grupo de mestras que viñan traballando conxuntamente durante anos.

Comezamos con 6 unidades e coa escola de Pazos pendente de inclusión, xa que pertencía á Igrexa. Durante anos fomos 6 aulas dentro do Concello de Ponteceso, logo os pais da Escola de Tella solicitaron a inclusión da mesma e no curso 2010-2011 comezamos as negociacións para incluír no noso CRA a dúas unidades do CRA de Malpica. (unha foi pechada no 2012), No curso 19-20 incorporouse ao CRA a Escola de Neaño do Concello de Cabana de Bergantiños, e foi pechada a escola de Campara por falta de alumnado. Neste momento esta escola é un centro de interpretación de actividades complementarias para uso de todos os nenos e nenas do CRA.

O CRA bebe cada día de tres municipios que a pesares de estaren preto un de outro(a penas 10 Qm.)teñen unha riqueza cultural e patrimonial diferente, as súas tradicións, a súa paisaxe e incluso en xeito na fala difiren bastante.

A Fundación Eduardo Pondal é o lugar que colabora connosco para a realización da maioría de actividades culturais, da escola de pais e nais que leva a cabo o CRA en colaboración co Concello e que abrangue a todas as familias dos centros que hai no Concello, así como as familias das escolas de Malpica. Tamén contamos coa axuda do Centro Cultural de Ponteceso, que ten un biblioteca na que imos a diferentes actividades nas que somos invitados a participar.

Sete das escolas do Centro (do Concello de Ponteceso) foron arranxadas no curso 2009-2010. Apostou por esta reforma o Concello de Ponteceso. Neste momento, esta renovación é un aliciente importante para toda a nosa Comunidade educativa. As dúas escolas que pertencen ao Concello de Malpica, foron arranxadas por dentro no verán do 2011. No curso 2019-20 formou parte do CRA Escola de Neaño do Concello de Cabana de Bergantiños.

Tamén temos que ter en conta ao noso alumnado, coas súas características e problemáticas tanto a nivel familiar coma de calquera outra situación que requira da nosa intervención máis inmediata. Para todo isto intentamos contar coa axuda inestimable das Educadoras sociais e Asistentes sociais que nalgúns casos tiveron que tomar decisións importantes polo ben dos nenos e nenas. Outra axuda para nos son os servizos médicos dos concellos e as súas derivacións no CHUAC. E de forma máis directa con Educación e solicitado a través do DO, o asesoramento e intervención dos Equipos Específicos de A Coruña. Tamén forman parte da colaboración externa en función das ne-

cesidades de cada curso o UDIAF ou outras entidades que colaboran coa axuda a nenos con necesidades.

O noso centro como reseñei ao comezo foi pioneiro no uso das TICs, e leva traballando como ferramenta educativa dende o ano 2000 cando non existía plan de ningún, e os seus mestres foron formadores de moitos centros ao longo da xeografía galega e española. Polo tanto sempre tivo un documento propio onde reflectía o traballo a desenvolver en todos os documentos como PXA e solicitando materiais para a súa aplicación....

O CRA inclúe o traballo dixital dentro da PXA e seguirao facendo o vindeiro curso.

1.3 Breve xustificación do mesmo

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4 Proceso de elaboración

Está sendo levado a cabo baixo as directrices da administración a través da súa coordinadora local. Equipo ADIX

FASE I. ANÁLISE E DIAGNOSE DE SITUACIÓN DOS CENTROS

FASE II. DESEÑO E ELABORACIÓN DO PLAN DIXITAL

FASE III. IMPLEMENTACIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DIXITAL

2.- Situación de partida

2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Infraestrutura dixital:**

O centro leva anos dentro de escolas conectadas. Anteriormente tivemos conectividade do Concello de Ponteceso e este concello no ano 2000 conectounos a través de telefonía GPRS. A conexión é sen fíos e cambia de

empresa constantemente, xa que os operarios visitan para estes cambios as diferentes escolas do CRA

- Infraestrutura de datos: Contratado Movistart
- Infraestrutura de voz: teléfono por IP da Consellería
- Conexión cableadas e sen fíos: Cableada por escolas conectadas.
 - Equipamento:
- Aulas dixitalizadas: Esta escola conta con unha CPU en mal estado conectada a unha PDI Smartboard 680 de Smart board. E o seguinte equipamento:
 - 2 tablets en bo estado.
 - proxector proxector epson EB-X1.
 - Portátil Lenovo TYPE 20AU S1R700 en mal estado.
 - Impresora multifunción en bo estado.
 - 1 escornabot e mal estado.
 - 1 webcam en bo estado.
 - 1 micrófono
 - 1 par de auriculares.
 - 1 par de altofalantes en mal estado.
 - 1 gafas de realidade virtual
- Dotación de proxectos específicos:
 - Servicios dixitais educativos: abalar móbil para mensaxería e comunicación da avaliación trimestral, páxina web e instagram para informas ás familias do que facemos no centro e por último a nube na que tamén incorporamos información sobre o centro e recursos.
 - Xestión do mantemento do equipamento do centro: empresa externa e UAC.
 - Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC: <https://www.edu.xunta.gal/centros/crasenhorafaro/?q=node/112> (plan continxencia COVID)

O noso centro tivo nos inicios un ordenador para a xestión do centro. En SIMO do ano 2000 mercamos a primeira PDI a nivel nacional e levamos esta ferramenta á Consellería para que a tiveran en conta como así tamén a conexión wifi que o centro preparou xunto cun e xaneiro da Pompeu Fabra de Barcelona e fomos o primeiro centro galego conectado a unha rede wifi, con antenas feitas polos mestres do CRA. A partires de aí, conseguimos máis PDI en premios varios e tardou a administración en dotarnos ata o ano 2009. Neste momento temos 4 PDI de ultima xeración mercadas polo centro con cartos adquiridos en premios. Temos Abalar Móbil, web da Consellería de Educación, plataforma Moodle, NUBE de Escolas na Nube. Para a xestión de Calidade do centro AENOR, temos onedrive por seguridade, xa que é un servidor europeo. **Moodle e NUBE.**

2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	4.7				
	Profesorado	4.5				
	Alumnado	-				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4.6				
	Profesorado	4.6				
	Alumnado	-				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4.4				
	Profesorado	4.3				
	Alumnado	-				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.8				
	Profesorado	4.9				
	Alumnado	-				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.9				
	Profesorado	4.7				
	Alumnado	-				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	5				
	Profesorado	4.7				
	Alumnado	-				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	4.8				
	Profesorado	4.3				
	Alumnado	-				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	8.4				
	Profesorado	4.3				
	Alumnado	-				

TEST CDD

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	10	11	90,9%
PROVISIONAL	1	1	100 %
INTERINO	2	2	100 %
SUBSTITUTO	1	1	100 %
OUTROS	1	1	100 %

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
87,5	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf	84,1	Integrador/a (B1)	66,2	Integrador/a (B1)
Prim	88,4	Integrador/a (B1)	77,3	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	3	20%
A2		
B1	7	46,7%
B2	4	26,7%
C1	1	
C2		6,7%
TOTAL	15	100,10%

Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> Bo acceso e conectividade. Contamos con espazos físicos e as infraestruturas para desenvolver a ensinanza das tecnoloxías. Temos suficientes dispositivos dixitais para a ensinanza A través das TIC reducimos a brecha dixital 	<ol style="list-style-type: none"> Non contamos con tecnoloxías asistenciais.
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> Alto uso de equipos e recursos dixitais. Implicación do profesorado na formación. O profesorado participa na novas modalidades de ensinanza Avaliase o progreso das tic´s na autoavaliación que leva a cabo o profesorado trimestralmente dentro do sistema de xestión de calidade. Creamos recursos educativos en liña a través da rede de escolas na nube Comunicámonos coa comunidade educativa a través das plataformas corporativas. 	<ol style="list-style-type: none"> Coñecemento insuficiente sobre a Protección de datos. Debátese sobre a tecnoloxía
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> Uso do recursos dixitais Inicio na robótica e impresión 3D. 	
	FAMILIAS	<ol style="list-style-type: none"> Uso da ferramenta Abalar móbil. 	
	OFERTA	<ol style="list-style-type: none"> Variedade de recursos dixitais. 	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> Boa dinamización da moodle, nube, instagram, youtube e páxina web do centro. Existe estratexia dixital e o profesorado e coñecedor da mesma. Temos repositorios en liña na nube. 	<ol style="list-style-type: none"> Determinar os items da competencia dixital, adaptados ás idades do noso alumnado.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		<ol style="list-style-type: none"> mala asistencia técnica por parte da consellería. falta de tempo para crear recursos. equipos informáticos sen actualizar. Falta de materiais de robótica entre as dotacións de material que se solicitan á administración.
	LEXISLACIÓN		

	CONTORNA		1. Brecha dixital das familias
	ANPA	1. A través do Erasmus + manternos actualizados e mellorando na competencia dixital, por exemplo con países pioneiros como Estonia. 2. Intercambiamos experiencias a través deste programa? D3	
	OUTRAS ENTIDADES		

3.- Plan de Acción

O centro conta con equipos para comezar a traballar, moitos están desfasados mais o centro procura manterse actualizado a pesares da falta de recursos enviados pola administración. O persoal do centro e coñecedor da ferramenta TIC e está capacitado para o seu uso dende hai tempo e todos os anos recibe actualización da formación da mesma.

A través de proxectos como Erasmus Plus, o centro recibiu e compartiu formación en outros países, xe xeito que provocaron melloras no aprendizaxe dos nenos e nenas das nosas escolas. Tamén grazas ao proxecto adquirimos novos elementos TICs: diferentes robots, impresoras 3D...

Obxectivo xeral: Mellorar o aprendizaxe a través da Ferramenta TIC: coñecemento e uso por parte do alumnado.

3.1 Obxectivos, indicadores e acción

Para acadar o Obxectivo de Formación en protección de datos e ferramentas tics, primeiro faremos unha recollida de información a través dunha enquisa sobre ambos temas.

Unha vez analizada a información organizaremos un calendario xunto con Centro de Formación para organizar a mesma.

Motivaremos ao equipo docente para que se formen intentado que esa formación sexa o mais amena posible. Intentaremos cumprir cos datos do 80% e coa aplicación nas aulas e no traballo docente do aprendido.

Avaliaremos o obxectivo nos prazos establecidos e polo responsable.

No segundo obxectivo, estableceremos contacto con AMCRAGA para propoñer a implicación da maioría e procederemos no cumprimento de indicadores, responsables e análise etc como no resto de obxectivos.

O último obxectivo ten que ver coa Formación das familias, situación habitual no centro, polo que seguindo a estrutura dos outros obxectivos: recollida de información, organización e cumprimento do mercado nos indicadores levaremos a cabo o mesmo coa súa avaliación final en busca da mellora.

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Precisamos:

- Cpu
- Pantalla interactiva ou PDI.
- 1 portátil.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: D: desarrollo profesional continuo						
1. OBXECTIVO (1):	REALIZAR FORMACIÓN EN PROTECCIÓN DE DATOS E FERRAMENTAS TICS O VINDEIRO CURSO DENTRO DO PFPP.				Acadado	
RESPONSABLE:	RESPONSABLE DE FORMACIÓN				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	TER REALIZADA A FORMACIÓN ANTES DE REMATAR O CURSO 22-23 polo 80% do profesorado					
Valor de partida (3)	Formación pendente					
Valor previsto e data (4)	Formación realizada			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1 Recabar información coa enquisa inicial de centro.	Responsable de Formación e Responsable TIC	15/09/2022	reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Solicitar o PFPP	Responsable de Formación e Responsable TIC	15/10/2023	Solicitud polos cauces legais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: desenvolver o Plan de Formación e posta en práctica do mesmo no centro	Responsable de Formación e Responsable TIC	30/06/2023	Os demandados polos formadores.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

REPETIR TANTAS TÁBOAS COMO OBXECTIVOS

“Área/s de mellora”: B: colaboración y redes

2. OBXECTIVO (1):		COMPARTIR CONTIDOS DIXITAIS CON AMCRAGA NA NUBE		Acadado		
RESPONSABLE:		Responsable TICs		Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		NUMERO DE ACTIVIDADES COMPARTIDAS				
Valor de partida (3)		0				
Valor previsto e data (4)		2 ACTIVIDADES COMPARTIDAS POR TRIMESTRE		30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A02.1: Propoñer a AMCRAGA empregar o Celeiro para compartir contidos.	Responsable TIC e Directora	30/06/2023	Medios TIC	CADA TRIMESTRE VAISE VALORAR QUE SE SUBE O PREVISTO (CADA CRA 2)	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: crear un grupo para elaborar e preparar materiais para compartir	Equipo TIC	21/12/2022	TICs		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Preparar ou buscar materiais dixitais relacionados cos contidos de cada trimestre	Equipo de traballo	30/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: D: desarrollo profesional continuo						
3. OBXECTIVO (1):	FORMACIÓN ÁS FAMILIAS CON BRECHA DIXITAL				Acadado	
RESPONSABLE:	Responsable Formación e TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	A porcentaxe de familias implicadas na formación.					
Valor de partida (3)	0					
Valor previsto e data (4)	50% das familias.			30/6/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓ (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A03.1: Comunicarse co CFR para establecer unha formación coas familias dentro do PFPP.	Responsable de Formación.	21/12/2022	Medios Tecnolóxicos...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Establecer comunicación sobre a importancia da formación e horarios de concilia para poder asistir.	Responsable TIC e Directora Responsable de formación	21/12/2022	A través das titorías.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Desenvolver a formación coas familias	Responsable TIC e Directora Responsable de formación	30/06/2023	Depende en función da formación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4.- Avaliación do plan

4.1 Seguimento do plan de acción

O Plan Dixital, será avaliado trimestralmente en función dos indicadores. Finalmente, despois do terceiro trimestre, farase unha conclusión para obter os puntos fortes do mesmo así como as melloras para levar a cabo o seguinte curso. A medición será feita polo responsable do Plan e supervisada pola dirección.

4.2 Propostas de mellora

Unha vez implantada esta versión do plan dixital, a final de curso, levaremos a cabo unha valoración do mesmos e aí faremos as propostas de mellora.

2. 5.- Difusión do plan

O plan será difundido como o resto de Plans do Centro na páxina web, na nube do CRA e sempre que aconteza un feito salientable nos medios e nas redes do CRA.